



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

---

# REGULAMENTO AUTONÓMICO DE CAZA CON ARCO AO VOO

---

## **1.- FINALIDADE**

O Campionato Galego de Caza con Arco ao Voo é unha proba deportiva cuxa finalidade é premiar e distinguir ao equipo composto por dous Cazadores Arqueiros e un Can que, coa súa actuación conxunta, coñecementos e destreza no manexo do arco, demostre a habilidade cinexética necesaria para intentar localizar, levantar e abater en voo a especie de caza de que se trate.

## **2.- TIPOS DE PROBAS**

2.1.- O Campionato Galego de Caza con Arco ao Voo poderá comprender catro Niveis: Social, Comarcal, Provincial e Autonómico.

2.2.- As probas dos campionatos rexeranse polas normas contidas no presente Regulamento e demais normas concordantes que cada ano emita a Federación Galega de Caza para os Niveis Social, Comarcal, Provincial e Autonómico dentro do ámbito das súas competencias.

2.3.- A Federación Galega de Caza será a encargada de elaborar as Normas reguladoras de cada tempada, tendentes a lograr un maior éxito e participación.

2.4.- As probas de cada Nivel terán carácter selectivo outorgándose ao vencedor o título de Campión da proba de que se trate, que poderá defender na seguinte edición.

2.5.- A entidade organizadora das probas en cada un dos seus Niveis estará obrigada a tomar unha póliza de seguro para cubrir a responsabilidade por danos en que puidese incorrer como tal organizadora.

## **3.- NIVEIS**

### **3.1.- CAMPIONATOS SOCIAIS E COMARCAIS**

a.- Esta proba selectiva será organizada por cada Sociedade federada, de acordo cos contidos nas presentes Regras Técnicas e demais normas que emita a Federación Galega de Caza, entre os Equipos que reúnan os requisitos necesarios.

b.- A acta de clasificación da proba será remitida á Federación Provincial de forma inmediata e será documento único de inscrición.

### **3.2.- CAMPIONATOS PROVINCIAIS**

a.- A acta de clasificación da proba será remitida á Federación Galega de Caza de forma inmediata e será documento único de inscrición.

### **3.3.- CAMPIONATOS AUTONÓMICOS**

O Campionato Galego será de participación libre.

a.- Esta proba selectiva estará organizada pola Federación Galega de Caza, de acordo cos contidos destas Regras Técnicas e as normas concordantes que emitan as mesmas.

b.- Neste Nivel seleccionarase o número de Equipos que o órgano competente a nivel nacional determine para participar no Campionato de España.

d.- A acta de clasificación da proba será remitida a órgano competente a nivel nacional de forma inmediata e será documento único de inscrición.

## **4.- BASES E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**

### **4.1.- DOS CAZADORES ARQUEIROS**

4.1.1.- Os cazadores arqueiros participarán na proba cumprindo os seguintes requisitos:

a) Portar os documentos en vigor esixidos polas Leis para a práctica da caza.

- b) Licenza da Federación Galega de Caza en vigor.
- c) Dispoñer de seguro VOLUNTARIO de Danos a Terceiros coa cobertura mínima que cada ano determinen as Normas da Federación Galega de Caza

#### 4.2.- DO CAN

- a.- Os cazadores arqueiros acreditarán mediante a presentación dos documentos oportunos as condicións sanitarias dos seus cans.
- b.- Non se permitirá a participación de cans con mostras ostensibles de enfermidade ou cadelas en celo

### **5.- CARACTERÍSTICAS DA PROBA**

- 5.1.- As probas do Campionato Galego de Caza con Arco ao Voo, desenvolveranse sobre terreo suficiente, debidamente sinalizado. A Organización acompañará aos Xuíces de Campo e o Xurado da Competición con anterioridade ao comezo da proba para poñer no seu coñecemento os límites e pormenores do terreo. Os Equipos participantes non terán acceso á zona de caza ata o inicio da competición.
- 5.2.- A organización solicitará as autorizacións administrativas que correspondan.
- 5.3.- A duración do Campionato de Galego de Caza con Arco ao Voo, será de 3 horas contadas desde a Orde de Saída ata a entrada en Control.
- 5.4.- Cada Equipo participante poderá empregar o tempo que desexe, dentro do mercado no punto anterior.
- 5.5.- En todo caso considerarase como finalizada a proba para o Equipo que sexa descalificado provisionalmente polo Xuíz de Campo, sempre que a resolución de tal descalificación polo Delegado Técnico e/ou Xurado de Competición non lle fose favorable.
- 5.6.- As capturas, sempre que se trate de caza sementada, limitaranse a dez pezas por Equipo ou ás que en cada circunstancia determinen as Normas que cada ano emita a Federación Galega de Caza.
- 5.7.- O Campionato de Galego de Caza con Arco ao Voo farase sobre pezas dunha soa especie, que o serán de granxa, salvo que as Bases do mesmo determinen a posibilidade de facelo sobre especies salvaxes e autoríceo a Federación Galega de Caza, de acordo cos contidos que sobre a materia estableza a Orde de Vedas e o Plan de Aproveitamento Cinexético.
- 5.8.- Para a contabilización e inspección das capturas contarase coa presenza, na Zona de Control, do Xuíz de Campo e do Xurado de Competición da proba.

### **6.- DESENVOLVEMENTO E ORGANIZACIÓN**

- 6.1.- Os Equipos participantes estarán a disposición da Organización da proba no lugar, día e hora que as Normas reguladoras determinen, provistos da documentación pertinente e medios necesarios para a competición.
- 6.2.- Unha vez dada a saída para o comezo da competición, non se permitirá a incorporación de ningún Equipo inscrito.
- 6.3.- A Organización proverá as medidas necesarias de control e seguridade sobre a zona de caza, se algún espectador irrompese na Zona, será expulsado.

6.4.- Á chegada dun Equipo á Zona de Control, finalizada a súa participación na proba, o Xuíz de Campo entregará a ficha ao Xurado de Competición e presenciará o reconto xunto ao Equipo de cazadores.

6.5.- O Xurado de Competición, coas fichas de tódolos Equipos participantes no seu poder, procederá a sumar os puntos obtidos por cada un deles e confeccionará o resultado provisional da proba que será lido aos participantes ou exposto en lugar público para o seu coñecemento.

6.6.- A partir da lectura ou exposición do resultado provisional da proba, concederáse un tempo máximo de vinte minutos para que os Equipos presenten as alegacións que estimen oportunas. Transcorrido devandito prazo, o resultado provisional pasará a ser definitivo, levantando, o Xurado de Competición, Acta do mesmo.

6.7.- En caso de alegación ao resultado provisional, o/os Equipo/s que a realicen farano por escrito, fechada e asinada polos reclamantes entregándoa ao Xurado de Competición acompañada da cantidade en metálico de sesenta euros. Se a resolución do Xurado de Competición for favorable ao reclamante, dita cantidade seralle reintegrada. En caso contrario pásase a disposición da Organización.

## **7.- REGLAS DE COMPETICIÓN**

Os Equipos participantes estarán suxeitos ás seguintes Regras:

7.1.- Empregar durante toda a competición o arco de caza que fose revisado polos Xuíces ao comezo da mesma. En caso de rotura do mesmo, o Xuíz de Campo solicitará o envío doutro arco, que revisará e deberá estar, igualmente, documentado.

7.2.- Non será admitido ningún arco de caza con potencia menor a 35 libras medidas á apertura do arqueiro.

7.3.- Cada Equipo deberá portar durante a proba as frechas que considere necesarias para finalizar a competición.

7.4.- Nas frechas estará marcado o D.N.I. do participante.

7.5.- Todas as frechas irán equipadas con emplumado tipo *Flu-Flu* e puntas *Bird*, cuxos aros non aportarán á punta de caza un diámetro total superior a 20 centímetros

7.6.- Realizar a acción de caza dentro da Zona demarcada para a competición, de forma individualizada por cada Equipo e sen colocarse, en ningún caso, en man con outros competidores.

Cando se de este último suposto o Xuíz de Campo penalizará ao Equipo con (- 40 puntos)

7.7.- Cazar cun só can.

7.8.- Portar durante a proba as pezas abatidas e cobradas que haberá de presentar en Control e en presenza do Xuíz de Campo ao Xurado de Competición, dentro do tempo establecido.

7.9.- O Equipo só poderá cazar á vista do Xuíz de Campo e na súa exclusiva compañía.

7.10.- O Equipo rexeitará a conversación de calquera tipo ou con calquera medio con persoas alleas á competición, durante o desenvolvemento da proba.

7.11.- O Equipo deberá informar ao Xurado de Competición dos aspectos que, relacionados coa proba, se lle solicitasen, e daqueles outros que observe sobre a actuación do Xuíz de Campo, outros Xuíces ou participantes.

7.12.- O Equipo efectuará os lances de caza unicamente trala mostra do can, sobre as pezas permitidas e na contía determinada.

7.13.- O Equipo actuará en todo momento con deportividade exquisita, ética cinexética, respecto e colaboración coa Organización, Xuíces e outros participantes.

## **8.- CRITERIOS DE PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN**

8.1.- O único órgano con potestade para dar a clasificación da proba é o Xurado de Competición ou na súa falta, a Organización da proba previo visto bo do Director da mesma.

8.2.- Só se computarán como pezas válidas as que sexan da especie permitida na proba.

8.3.- O Equipo só obterá puntuación pola peza levantada, abatida en voo, cobrada en presenza do Xuíz de Campo e presentada en Control dentro do tempo estipulado.

8.4.- Non será contabilizada a peza cobrada polo can cando se atope parada ou a peón e non sexa levantada e abatida previamente.

8.5.- O disparo cara a pezas paradas ou a peón será penalizado con (- 20 puntos).

8.6.- O abandono da procura da peza abatida penalizarase con (- 40 puntos)

8.7.- O Xuíz de Campo anotará en cada ficha de control o número de pezas abatidas e cobradas na súa presenza.

8.8.- A puntuación por peza mostrada polo can, levantada por calquera membro do equipo, abatida por calquera dos dous cazadores arqueiros e cobrada por calquera membro do equipo, será de cincuenta (50) puntos.

8.9.- Penalizarase a cada Equipo con vinte puntos (20) por cada minuto de atraso con que se presente en Control, fóra da hora sinalada.

8.10.- O Equipo será descualificado cando se presente en Control pasados vinte minutos da hora de pechadura do mesmo.

8.11.- A puntuación clasificatoria de cada Equipo será a formada pola diferenza entre os puntos obtidos por capturalas e as penalizacións establecidas polo Xuíz de Campo.

8.12.- En caso de empate na clasificación por parte de dúas ou máis Equipos, en canto ao número de pezas cobradas, a orde clasificatorio establecerase por tempo investido ata a presentación en Control.

## **9.- XUÍCES DE CAMPO: SELECCIÓN E FUNCIONS**

Para os Niveis Comarcal e Social, Provincial e Autonómico, os Xuíces de Campo serán seleccionados e nomeados segundo as directrices marcadas pola Federación Galega de Caza.

9.1.-A función do Xuíz de Campo consistirá en acompañar a un Equipo participante durante a duración da proba, velando polo estrito cumprimento deste Regulamento e da Normas concordantes que o cumprimenten.

9.2.- Encherá a ficha de control que entregará ao Xurado de Competición finalizada a proba.

9.3.- Poderá descualificar provisionalmente ao Equipo que estea xulgando por irregularidades cometidas ou incumprimento do establecido neste Regulamento, ou as súas Normas concordantes, informando seguidamente ao Xurado de competición dos motivos que lle induciron á actuación.

9.4.- Farase cargo das pezas de caza "non cazables" abatidas polos cazadores do Equipo que estea acompañando ou das capturadas polo can. Na primeira circunstancia parará a competición para o Equipo en cuestión e procederá segundo o establecido no punto 9.3 do presente Art..

9.5.- En caso de non atoparse facultado para seguir ao Equipo ao ritmo que este marque durante a proba, solicitará, unha vez parado o tempo no seu cronómetro e anotado o mesmo na ficha de control, ao Xurado de competición a súa substitución, mediante mensaxe ou acompañado do propio Equipo ata a Zona de Control.

9.6.- De darse o suposto sinalado no punto anterior o primeiro Xuíz de Campo reserva acompañará ao Equipo ata que finalice a proba, partindo do punto onde foi interrompida polo Xuíz substituído e do tempo que figure na ficha de control.

## **10.- DELEGADO TÉCNICO**

O Delegado Técnico será o que en cada momento ostente o cargo de Delegado de Xuíces de Competición de Arco. Caso de non poder asistir, será designado pola Federación Galega de Caza.

O Delegado Técnico terá os seguintes cometidos:

10.1.- Acompañará ao Xurado de Competición ao longo do terreo elixido para a proba do que terá un perfecto coñecemento.

10.2.- Velará por un óptimo desenvolvemento da proba adoptando as directrices que en cada momento considere oportunas de acordo coa Organización.

10.3.- Antes do inicio da proba indicará aos participantes as especificacións propias da mesma.

10.4.- Resolverá en primeira instancia, eventuais reclamacións dos participantes que deberán ser presentadas por escrito e asinadas polos mesmos

10.5.- Colaborar a nivel práctico coa Organización e co Xurado.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013.

## **ANEXOS**

1.- Folla de Puntuación.

2.- Acta de clasificación Final.

## CAMPIONATO AUTONÓMICO DE CAZA CON ARCO OA VOO FOLLA DE PUNTUACIÓN

<u>DORSAL</u>	<u>EQUIPO</u>		
	CAZADORES ARQUEIROS	CAN	
NOME: (1)/	NOME:		
NOME: (2)/	RAZA:		
FEDERACIÓN:	SEXO:	M	H

1.- PUNTUACIONES OBTIDAS: PEZA LEVANTADA, ABATIDA E COBRADA = 50 puntos

CAPTURAS	1 a	2 a	3 a	4 a	5 a	6 a	7 a	8 a	9 a	10	TOTAL

2.- TEMPO EMPLEADO

HORAS	MINUTOS	SEGUNDOS

3.- PENALIZACIONES

PUNTOS TOTAL

Art.	DESCRIPCIÓN	PUNTOS	
7.6	Colocarse en man con outros competidores	-40	
8.5	Disparar sobre pezas paradas o a peón	-20	
8.6	Abandono da procura da peza abatida	-40	
8.9	Retraso entrada no Control	-20 /minuto	

4.- TOTAL PUNTUACIÓN

PUNTUACION OBTIDA	PENALIZACIONES	TOTAL EQUIPO

OS CAZADORES ARQUEIROS

O XUIZ DE CAMPO

O DELEGADO TÉCNICO

INCIDENCIAS:

## CAMPIONATO AUTONÓMICO DE CAZA CON ARCO AO VOO

### ACTA DE CLASIFICACIÓN FINAL

EQUIPOS PARTICIPANTES	FEDERACIÓN	PUNTUACIÓN
Arqueiro, D. .... Arqueiro, D..... Can. ....	.....	
Arqueiro, D. .... Arqueiro, D..... Can. ....	.....	
Arqueiro, D. .... Arqueiro, D..... Can. ....	.....	
Arqueiro, D. .... Arqueiro, D..... Can. ....	.....	
Arqueiro, D. .... Arqueiro, D..... Can. ....	.....	
Arqueiro, D. .... Arqueiro, D..... Can. ....	.....	

O XURADO DE COMPETICIÓN